



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA
polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 759 Semana do 4 ao 10 de decembro de 2017

ESTASE A CONSTRUIR A RECUPERACIÓN SOBRE O INESTABLE CIMENTO DO EMPREGO PRECARIO E DA DESIGUALDADE**UGT ADVIRTE DE QUE A RECENTE MELLORA RELATIVA DO DESEMPREGO AGOCHA UNHA ELEVADA PRECARIIDADE E PARCIALIDADE***A taxa de cobertura segue caendo e a meirande parte dos que perciben prestación é de carácter asistencial*

Redacción.- UGT advirte de que a pesar do comportamento estacional que mostran os meses de novembro, polo inicio da campaña navideña, é significativo que nesta ocasión o desemprego non logrou descender. Asemade é destacable que a recente mellora relativa do desemprego agocha unha elevada precariedade e parcialidade debido ao tipo de empregos que se están creando, fundamentalmente temporais e a tempo parcial -a maioría involuntarios-, con remuneracións máis baixas. Só un 8,34% dos contratos asinados en novembro na nosa Comunidade son indefinidos a tempo completo.

En Galicia aumenta o paro no mes de novembro nun 0,7%, crecemento superior no mes ao do conxunto do Estado, onde medrou o 0,2%. Segundo os datos do paro rexistrado deste mes, hai 187.175 persoas desempregadas en Galicia, 1.272 máis que no mes anterior. No Estado hai 3.474.281 persoas desempregadas e o paro medra en 7.255 persoas.

Se temos en conta a variación interanual, hai en Galicia unha contracción do 8%, é dicir, que hai 16.379 desempregados menos, unha evolución similar á media estatal que é do 8,3% menos (315.542 persoas desempregadas menos).

Evolución por sexos e tramos de idade

As cifras falan por si mesmas, 80.569 homes desempregados e 106.606 mulleres. A pesar da mellor evolución no mes do desemprego nas mulleres que nos homes, xa que nestes aumenta o 1,3% e nas mulleres o 0,3%, o paro feminino segue representando o 57% do total do paro rexistrado no mes de novembro. A maior discriminación por sexos compróbese en termos interanuais: O paro rexistrado cae nos homes no ano nun 11,5% e nas mulleres tan só o 5,3%.

En canto aos xoves, hai 9.865 mozos e mozas menores de 25 anos desempregados, medrando nun 2,1% no mes, cifra moi superior ao aumento no conxunto de idades. No ano hai unha evolución contraria á do total de idades, mentres que no total de idades cae o 8% nos menores de 25 anos medra un 0,3%.

Leve repunte no emprego no sector industrial

Por sectores de actividade, o paro rexistrado no pasado mes medra en todos os sectores salvo na industria, no que cae o 0,1%. En termos anuais, prodúcese un descenso acusado no conxunto de activida-

des, con porcentaxes moi elevadas de contracción na construción, o -20,3%, no primario, o -12,7%, e na industria o -11,3%. Pero, en termos absolutos, a maior contracción dáse no sector servizos, o sector de maior ocupación, no que nun ano cae o desemprego en cerca de 8.000 persoas, en cifras exactas son 7.992 persoas desempregadas menos.

Contratación

Cos datos de novembro ponse de relieve que as empresas galegas seguen facendo maioritariamente contratos temporais, hai un claro abuso da contratación temporal.

No mes de novembro fixéronse 80.025 contratos, destes tan só unha porcentaxe moi baixa, o 8,34% foi contratación indefinida.

A taxa de cobertura segue caendo e a meirande parte dos que perciben prestación é de carácter asistencial

O número de beneficiarios de prestacións en outubro de 2017 (último dato dispoñible) foi de 88.024, amosa unha nova

Pasa á páxina seguinte .../...

caída anual. Son 6.345 persoas desempregadas menos que en outubro de 2016, máis de seis mil familias que deixan de percibir ingresos. A taxa de cobertura foi do 51,9%, deixando fora do sistema de protección por desemprego a preto de 100.000 (97.879) desempregados.

Pola contra, a taxa de cobertura no mes de outubro foi superior no Estado, o 55,3%. Hai un forte diferencial entre as taxas dun e outro contexto, o que amosa a clara desvantaxe da nosa comunidade.

Tan só hai 36.921 beneficiarios de prestacións por desemprego de carácter contributivo, o 42% do total, o que indica a precariedade na cobertura por desemprego, e cun importe medio de 779,5 euros (Contía media da prestación contributiva percibida

por beneficiario, euros/mes).

A gran maioría da cobertura dos desempregados é de carácter asistencial, ben sexan Subsidio (39.411), Renda Activa de Inserción (9.640 perceptores) ou Programa de Activación de Emprego (2.052 beneficiarios)

Datos de afiliación á Seguridade Social

Tampouco hai bos datos de afiliación e cotizantes á SS. Situase a cifra en novembro en 989.157, polo que cae en 747 cotizantes, 0,1% menos no mes. Iste é unha evolución similar á media estatal, xa que diminúe nun 0,07%.

Sen embargo, no conxunto do ano, medra en Galicia a afiliación nun 2,1% e no Es-

tado tamén, pero nunha porcentaxe moi superior, o 3,58%. No Estado hai 18.417.756 afiliados cotizantes.

Na nosa economía, que medra a un ritmo do 3,1% (aumento do PIB, último dato), segue habendo unha fonda crise de emprego.

UGT esixe ao Goberno un cambio nas súas políticas, apostando polos factores que permiten ao país crecer a medio e longo prazo. Neste sentido, hai que afrontar un tripo reto para os próximos anos: inducir un crecemento máis equilibrado, sostenible e integrador; xerar máis e mellor emprego, de calidade e con dereitos; e elevar o benestar e a calidade de vida de todos, con especial atención á corrección das desigualdades de todo tipo e a superación das bolsas de pobreza que a crise e as políticas aplicadas estenderon.

SEGUIMIENTO MASIVO DA FOLGA NA XUSTIZA GALEGA

Redacción.- As organizacións sindicais con representación na Mesa de negociación da Administración de Xustiza en Galiza (SPJ-USO, CUT, UGT, CSIF, STAJ, CIG e CCOO) convocaron para os días 1 e 13 de decembro dúas xornadas de folga para denunciar os recortes aplicados na administración de Xustiza de Galicia. Segundo os sindicatos convocantes, na xornada de folga do día de hoxe o seguimento por parte dos empregados/as públicos do sector foi masivo, acadando incluso o cen por cento en varios xulgados.

As organizacións convocantes denuncian o desmantelamento que a Xunta está a facer da Xustiza, obviando que os recortes están afectando, non só aos traballadores de Xustiza, senón a toda a cidadanía, atrasando os tempos de resposta.

Por todo isto, os traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza de Galicia decidiron convocar estas dúas xornadas de folga que, de non atenderse as demandas sindicais, poderían converterse en folga indefinida a partir de finais de xaneiro.

Os empregados públicos da Xustiza galega denuncian que traballan en condicións precarias cunha absoluta falta de medios humanos e materiais. Nos últimos anos, mentres os expedientes aumentaban, reduciuse persoal e non se crearon novos xulgados. Ademais, a galega é a Administración máis arcaica de todo o Estado, con sistemas informáticos da prehistoria das tecnoloxías.

Ademais, o persoal de Xustiza de Galicia é o que percibe as retribucións máis



baixas do Estado e permítese que nun mesmo centro de traballo coexistan persoas ocupando postos similares e desenvolvendo as mesmas funcións pero percibindo salarios distintos.

Os sindicatos convocantes tamén denuncian que as baixas por enfermidade son castigadas con descontos salariais sen que a praza desocupada se cubra por outra persoa, producíndose un enriquecemento da Administración que non revirte na mellora do servizo, cousa que no ocorre na maior parte das comunidades autónomas.

É evidente que todo isto repercute de xeito moi negativo non só nos traballadores da Xustiza galega, senón tamén no conxunto da cidadanía, xa que resulta moi difícil ofrecer un servizo de calidade, áxil e eficaz nestas circunstancias. %

SUSPENDÉRONSE TODOS OS XUÍZOS EN GALICIA EXCEPTO OS DE "CAUSA CON PRESO"

Os sindicatos convocantes fan fincapé en que suspendéronse os xuízos na xurisdicción civil, por exemplo, en Ourense o Xulgado de Instancia num.5 suspendeu 7 xuízos, Instancia núm. 3 suspendeu tres xuízos e 7 audiencias previas o Xulgado de Mercantil de Ourense suspendeu 11 xuízos sobre reclamacións de Cláusulas solo.

En toda Galicia, onde había xuízos, suspendéronse todos na Xurisdicción Social, Civil e Contencioso-administrativo.

Só se celebraron os xuízos de causa con preso por estar así establecido nos servizos mínimos.

OS SINDICATOS AMEZAN CON IR Á FOLGA EN CORREOS POLA PREOCUPANTE REDUCCIÓN DE PERSOAL

Redacción.- «Se non hai un orzamento duns 200 millóns de euros Correos queda en vía morta». Isto afirmaron onte responsables de UGT e Comisións Obreiras aludindo á partida destinada á empresa nos orzamentos estatais. Nos anos 2015 e 2016 @dicha partida foi de 180 millóns, mentres que este ano baixou a 120, «con esta cantidade non se pode prestar con calidade o servizo postal universal». Como exemplo, na provincia coruñesa Correos ten uns 1.300 traballadores, «dos que 450 son funcionarios, e o resto, persoal laboral fixo», no 2008 o número de empregados eran de 1.700, uns 400 máis.

Fortina López, de FeSP-UGT, detallou que nalgúns casos a redución de persoal é preocupante, xa que, no último ano, «nun centro onde hai 35 ou 40 traballadores 7 postos quedaron vacantes». Na mesma liña está, argumentan os sindicatos, a redución de xornadas laborais



de 7 a 4 horas. «Esta precarización xa non pode ir a máis», lamentaron. Tamén auguraron que o recorte do financiamento e o bloqueo do plan estratéxico da empresa provocarán «unha clara e inmediata desatención de poboacións como Vedra, Boqueixón, San Sadurniño, Cariño ou Oza-Cesuras, que serán as

primeiras en notar o recorte». Outra cuestión á que aludiron é a dos percorridos que teñen que facer os carteiros no medio rural, «con vehículo propio» e casos tan rechamantes como os 150 quilómetros para cubrir a repartición en Monfero ou os 120 nas Pontes, nunha xornada laboral de 4 horas.

UGT ESIXE AO GOBERNO QUE CUMPRE O ACORDADO E EVITE O DESPEDIMENTO DE INVESTIGADORES

UGT reclama unha aposta decidida do Executivo polo sector I+D+i nos PGE 2018, co fin de estabilizar o emprego e os salarios neste sector e evitar a emigración laboral forzosa

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores esixe ao Goberno que cumpra o seu compromiso coas organizacións sindicais e inclúa ás fundacións científicas do sector público e a outros axentes do Sistema de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación entre as excepcións á contratación do persoal investigador que se establecen dentro da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, de 2011, para as contratacións en universidades públicas e organismos públicos de investigación.

Os Orzamentos Xerais do Estado de 2017 conteñen unha disposición, a adicional 34, que impide a realización de contratos temporais de máis de tres anos ou a concatenación de contratos neste sector, abocando a moitos destes profesionais ao despedimento. A lei 14/2011 inclúe excepcións a esta disposición, pero deixa fóra a moitas fundacións científicas públicas. É o caso do Centro Nacional de Investigacións Cardiovasculares (CNIC) ou o Centro Nacional de Investigacións Oncolóxicas (CNIO), un dos principais centros de investigación de cancro do mundo e que pode ver como estas restricións na contratación de persoal investigador supoñen



a perda de máis de 80 traballadores este ano ou máis de 100 en 2018.

UGT lembra que o Goberno se comprometeu, no acordo asinado en setembro deste ano cos interlocutores sociais, a incluír estas fundacións e outros organismos, precisamente para impedir que puidesen suceder situacións como estas. Un acordo que aínda non se cumpriu, que evitaría o despedimento de investigadores con contratos temporais e supoñería que todos estes contratos de máis de tres anos pasasen a ser contratos indefinidos.

O sindicato reclama ao Executivo que estableza o emprego dos investigadores nas devanditas institucións e demanda,

ademais, que os salarios deste colectivo equipárense ao do Consello Superior de Investigacións Científicas.

Para UGT, o desenvolvemento de políticas en materia de I+D+i en España debe ser unha prioridade para este Goberno, cunha aposta decidida nos Orzamentos Xerais do Estado (PGE) para 2018. Estamos nunha situación moi grave, con altas taxas de precariedade e temporalidade neste sector, que pode ser dramática se o Executivo non implementa este acordo e evita que numerosos grupos de investigación ou departamentos perdan á maioría de persoal nos últimos meses, socavando numerosos proxectos de investigación de gran importancia social.

UGT ESIXIRÁ QUE O PACTO DE TOLEDO PROHIBA QUE O GOBERNO ENDEBEDE INDEBIDAMENTE Á SEGURIDADE SOCIAL

UGT propón medidas que supoñerían unha redución de gastos e un aumento de ingresos de entre 18.000 e máis de 20.000 millóns de euros, que farían desaparecer o déficit da Seguridade Social

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores considera que non hai xustificación algunha para que o Goberno obrigue á Seguridade Social a pagar as pensións con créditos en lugar de achegar pola vía das transferencias do Estado os fondos que se necesitan.

Para o sindicato, o déficit actual da Seguridade Social débese non tanto para os efectos da crise, que só foi o desencadeamento, senón a un pernicioso funcionamento do mercado laboral, agravado polos efectos das reformas laborais.

A enorme destrución de emprego en España non ten parangón coa rexistrada na UE, onde o emprego caeu durante a crise moito menos que o PIB, ao contrario do que sucedeu en España, mesmo se se descontan os efectos da burbulla inmobiliaria.

Ademais, coa reforma laboral de 2012, a destrución de emprego acelerouse porque esta reforma favoreceu por todas as vías posibles os despedimentos. Unha reforma que provocou a desvalorización dos salarios, unha das maiores de Europa, xerando unha segunda causa de afundimento dos ingresos da Seguridade Social.

E, por último, a citada reforma laboral implantou un modelo de creación de emprego degradado, que ocasionou que os ingresos por cotizacións dos novos empregos, unha gran proporción dos cales teñen salarios por baixo do limiar da pobreza, acheguen moitos menos recursos dos que deberían á Seguridade Social.

Froito desas políticas é o afundimento, primeiro, e a insuficiente recuperación, despois, dos ingresos da Seguridade Social.

O Goberno non pode dicir que non coñecía os efectos sobre a Seguridade Social dunha reforma laboral que promovía a destrución de emprego, que orixinaba a desvalorización salarial, e que impulsaba un sistema de creación de empregos de baixos salarios.

Ademais, UGT lembra que o Executivo, doutra banda, tivo máis de cinco anos para facer fronte ao desequilibrio provocado pola caída dos ingresos da Seguridade Social, pero, en lugar de adoptar as medidas necesarias, optou por consumir o fondo de reserva da Seguridade Social, a propósito de que o esgotaba sen tomar medida algunha. Dos 66.000 millóns de euros dos que dispoñía o Fondo en 2011, o Go-



berno consumiu ata o momento 54.400, máis do 80%, nestes anos. Unha nova disposición neste momento para a paga extra de decembro das pensións deixará o Fondo ao bordo do esgotamento.

O Goberno non escoita as propostas de UGT para acabar co déficit do sistema

Resulta inxustificable que o Goberno decida endebedar á Seguridade Social cando é consciente, porque así llo reiteramos en numerosas ocasións desde UGT, que a Seguridade Social está a facer fronte a unha montaña de gasto que non lle corresponde financiar ás cotizacións sociais (políticas de fomento do emprego, gastos de administración e xestión, e decisións de carácter político que determinan un desfase monumental entre ingresos e gastos dos réximes e sistemas especiais que non responden a esquemas contributivos, en conxunto máis de 13.000 millóns de euros), que debería ser financiado por achegas do Estado. Á vez que se mantén unha inxustificada e anacrónica exención de cotización dos salarios máis elevados (pola existencia de bases máximas) que minguan indebidamente os ingresos por cotizacións da Seguridade Social, en especial no Réxime Xeral, e que supoñen entre 5.000 e máis de 7.000 millóns de euros. A regularización de todas estas cuestións supoñería unha redución de gastos e un aumento de ingresos de entre 18.000 e máis de 20.000 millóns de euros, co que desaparecería o déficit da Seguridade Social.

Este proceso de regularización das contas da Seguridade Social e de clarificación do que non debería pagar e do que debería cobrar, non supoñería incremento algún do déficit do conxunto das Administracións Públicas, xa que tan só entraña que o Estado se faga cargo dos gastos que lle corresponden e libere á Seguridade Social dos mesmos.

É dicir, a Seguridade Social ha padecido un afundimento dos seus ingresos debido a un nefasto funcionamento do mercado laboral agravado polas reformas adoptadas durante a crise; o Goberno, con coñecemento pleno das consecuencias desas reformas sobre os ingresos da Seguridade Social, preferiu obviar e consumir o Fondo de Reserva; mantense un sistema de financiamento da Seguridade Social baseado en que esta faga fronte a múltiples gastos que non lle corresponden e impedir que perciba os ingresos por cotizacións que lle corresponden; e regularizar todo isto e liberar as contas da Seguridade Social do déficit actual non implicaría aumentar o déficit total do conxunto das AAPP.

En lugar de facer fronte a todo iso, ou cando menos sufragar o déficit actual da Seguridade Social mediante a correspondente transferencia de recursos dos PGE, a obcecación do Goberno prefire manter o impropio déficit da Seguridade Social e endosarlle a esta un crédito, unha débeda co Estado, por importe de practicamente 10.200 millóns de euros. Como resultado desta incalificable operación de enxeñería financeira, o Estado non só non fai a transferencia de fondos, senón que se converte en acreedor dunha débeda da Seguridade Social. Non se decidía un endebedamento da Seguridade Social desde mediados dos anos noventa, e entón o Partido Popular na oposición acusou o Goberno de "crebar" a Seguridade Social. Tan inadecuado foi aquel endebedamento como este, e tan "crebada" deixa á Seguridade Social como naquel momento.

Por todo iso, UGT rexeita totalmente esta forma impropia de xestionar as contas da Seguridade Social e pedirá aos Grupos Parlamentarios que conforman o Pacto de Toledo que nas Recomendacións que están a elaborar prohiban expresamente que se endebede indebidamente á Seguridade Social cando o Estado non cumpre coas súas obrigacións.